

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



## ANUNCIO

**Execución de sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 81/2023, recurso de apelación 4148/2022. Notificacións infrutuosas.**

**Expediente 2025/P002/000001.**

Por medio deste anuncio ponse en coñecemento que por Resolución da Alcaldía número 608 do 25 de febreiro de 2025, dando cumprimento ao disposto na sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 81/2023 do 23 de febreiro de 2023, recurso de apelación 4148/2022; ordena o cese definitivo da actividade que se está desenvolvendo nas instalacións da estación de servizo situada no número 1 da rúa Poniente de Carballo, por non dispoñer do título administrativo habilitante e comunícaselle aos interesados que se non cesan a actividade, o día 25 de marzo de 2025 acudirá a Policía Local para proceder ao peche das mesmas.

A dita resolución foi notificada aos promotores da instalación, de acordo co disposto no artigo 42 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co resultado de ser infrutuosa a notificación do seguinte interesado, como titular da licenza de 2014:

TORÁS DESARROLLOS, S.L.

O artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que “cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, cando, intentada esta, no se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado”.

En consecuencia e segundo o exposto no parágrafo anterior, publícase este anuncio polas notificacións infrutuosas aos citados interesados no procedemento, comunicándolles que:

Primero: O texto íntegro da notificación xunto coa totalidade do expediente atópase á súa disposición na Oficina Técnica do concello de Carballo, situada na 1ª planta da Casa Consistorial, na Praza do Concello, onde poderán examinalo no prazo de 10 días, contados desde o seguinte ao da publicación deste edicto no BOE. Transcorrido o dito prazo, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais.

Segundo: Esta medida de actuación realízase como trámite de execución obrigatorio como consecuencia da dita sentenza firme e non é recorrible, sin prexuízo das actuacións que procedan ante o Xulgado Contencioso Administrativo encargado da execución da sentenza.

En Carballo, 31 de marzo de 2025

O alcalde - Evencio Ferrero Rodríguez